

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E A LECTURA NO ANO 2025

Anxo Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG),

DECLARA:

Que ten como **vixencia** dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que ten o seguinte **obxecto**:

A colaboración nos gastos de funcionamento da entidade e na realización de diversas actividades culturais de promoción do libro e a lectura durante o ano 2025,

Actuacións:

1. -Gravación dunha entrevista de longa duración a un/unha informante de literatura de tradición oral para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG. Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcripción dos contidos e subida á web.
2. -Mantemento da sección "Palabras con Memoria", da web da AELG. Inclúe preparación lotes de publicación en xornal dixital
3. -Entrevista longa a un autor/a que inclúe unha gravación e que lle permita falar demoradamente da súa traxectoria literaria e da súa biografía. De modo que se poida obter un pequeno documental de aproximadamente unha hora por autor/a, coa intención de que supoñan un documento valioso que resuma a súa obra e ofrezca valoracións das personalidades sobre a creación, a cultura e o pensamento en xeral.
- 4.-Escola de Escritoras/es da AELG [<http://www.aelg.gal/GoToWritersSchool.do>] é unha iniciativa desta entidade que centra os seus esforzos en impartir obradoiros con formatos e destinatarios diversos, nos que se abordan diferentes xéneros literarios e contidos e nos que se aposta pola creación, pero tamén pola promoción da lectura como elemento necesario para o feito creador.



Trátase dunha iniciativa que, cos autores/as como guías, ten o obxectivo de transmitir a experiencia apaixonante do acto creador, tentando concienciar á sociedade do imprescindible que é a estimulación creativa na escrita e o seu papel complementario na formación do individuo.

5.- Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia de Pontevedra.

6.- Tres sesións de gravación de entrevistas e fotografías a socios/as da AELG para fornecer contidos audiovisuais ao Centro de Documentación de Escritores e Escritoras da web da AELG.

7.- Homenaxe “Escritor na súa Terra”, que pretende honrar a escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria, dándolle un protagonismo especial a personalidades relevantes da literatura galega entre a súa propia veciñanza. Preténdese realizar así mesmo, un estudo divulgativo da obra do autor/a que serva para contextualizar, difundir e poñer en valor a súa inmensa obra literaria. A concesión desta distinción implica o nomeamento como Socio/a de Honra da Asociación que se sinala coa entrega da escultura “letra E”.

Que se basea na seguinte **fundamentación xurídica**:

-De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto a AELG é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do libro e da lectura. Polo tanto, a AELG posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

-Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

